

A caída, de Luís Valle

Dentro das liñas poéticas que permiten trazar as características dunha época aparecen moitas veces figuras que resulta complexo adxudicar a elas. Vímolo con outras premiadas polo certame de Afundación e volvemos atopar un caso similar ao falarmos de Luís Valle. Un autor nacido en 1977 que, por idade, podería participar da xeración dos 90, pero que non publica o seu debut editorial en poesía até o ano 2001 e ademais emprega o castelán nos seus primeiros poemarios. Obras como *Zigurat* (2001), *Teoría de la llama* (2004) ou *Epitafio y corona para Manuel Quiroga* (2007) anteceden este *A caída* (2009), emblemático por representar o primeiro premio importante na traxectoria do autor, e tamén por ser unha relevante aposta pola lingua galega á que dedicará xa a inmensa maioría da súa produción posterior. Porén, é certo, tal e como xa vimos noutros casos, que ese inicio dificultou tamén a súa consideración dentro das voces poéticas de entreséculos para unha literatura na que o criterio filolóxico representou sempre unha das regras máis sólidas de

definición. Mesmo así, e aínda que o autor teña manifestado algunha vez o escaso esforzo na difusión deses primeiros traballos (Requeixo, Armando & Valle, Luís, 2016), o certo é que o campo literario galego tamén se caracterizou polo diálogo e a consciencia dos coetáneos, mesmo desde linguas dispares. Demostra isto o profundo coñecemento do poeta que achega Darío Xohán Cabana no seu prólogo, outro autor de difícil marcaxe xeracional, a cabalo entre dúas estéticas, por máis que poidamos asocialo, como toda voz literaria, a un tempo e a un lugar. Dese primeiro poeta anterior a *A caída* (2009), Cabana sinala a contención expresiva, unha obsesión formal que irá relaxando despois do primeiro libro até conseguir facer da forma un servizal do poema e non ao contrario. E tamén a presenza dunha lírica condensada que, sen pasar sempre polas ríxidas adaptacións ibéricas en 5-7-5 dos haikai clásicos, leva, inevitabelmente, a pensar na poética breve, rítmica e adaptada á percepción da realidade galega de Uxío Novoneyra. Probabelmente esta sexa unha das claves que poden explicar mellor a obra de Luís Valle, pois tanto *A caída* como moita da súa poética posterior segue tendo a marca do haiku, non só pola aposta consciente na brevidade formal, senón, principalmente, pola expresión reducida á esencia do verso da que fai gala e que caracteriza, podemos dicir que mesmo de forma xeral e case como marco de estilo preexistente, toda a produción poética do autor.

Porén, ningunha desas características de forma significarían nada de non ser por outro elemento, que á súa vez separa parcialmente a poesía de Valle, tanto da tradición galega máis asociada á influencia xaponesa como aos principios orixinarios desta forma literaria. Se os haikai orixinais están constituídos sobre o eixo quietude/movemento/condensación sensitiva, tal e como pode lembrarse da célebre peza da ra de Matsuo Bashō, pasaron á tradición galega moi vinculados tamén á paisaxe e á forza expresionista do movemento, sendo transformados en reflexións autoafirmativas en poetas como Lupe Gómez, con certa distancia, xogando tamén a carta da proclama poética. Nada disto podemos atopar nun poeta como Luís Valle, capaz de empregar este tipo de recursos formais para dar conta dunha ollada transcendente sobre o mundo e a experiencia, cunha certa base simbólica, pero tamén cunha ollada de corte fenomenolóxico. Existe unha outra realidade por detrás das cousas que pode ser percibida e explicada a través da poesía. Máis aló da súa dimensión como forma artística, Valle rescata a noción dun compromiso cunha verdade que se manifesta a través dun laborioso traballo estético onde, como moitas outras veces, a tarefa consiste en coutar e medir a expresión. É este un punto de vista que achega esta poética ao ton formal e o compromiso coa palabra xusta que identificamos nalgúns autores da xeración dos 80, pero que presenta neste autor unha forma determinada e case única, unha voz singular que dialoga

co pasado e co presente, tratando tamén de explicarse a si mesma. Unha cadencia que atopamos próxima a autores como Genaro da Silva, Amauta Castro ou Francisco Cortegoso, que moitas veces foron e son complexos de localizar tamén nun discurso xeracional.

Anxos caídos nas pendentes

Dicir que *A caída* fala principalmente de experiencia resultaría contraditorio con algúns dos postulados previos. Se concibimos un proxecto poético como unha viaxe activa cara a unha das formas da verdade, a poesía non pode ser simplemente descrición, nin tampouco estar formada tan só de experiencias, por máis que estas poidan nutrir dalgún xeito o seu sentido final.

Desta forma, aínda que o primeiro poema que nos recibe parece falar dunha relación extinguida («Ao final, / o xardín roto»), moi axiña repararemos que a dimensión que adopta a voz poética soborda o simple relato e desafía tamén moitos dos convencionalismos asociados á lírica: «Sobre / a rama da árbore oceánica / pousase / un anxo errante. / Arde». Intercalando momentos que poden evocarnos a paixón, aparecen outros que apuntan a unha dimensión existencial e a unha asunción do mundo sen a divindade. Disto derivan a consciencia do silencio e o absurdo da vida que, xunto á sensación de orfandade, cimentan esa «caída» na que

o mundo adopta un ton desencantado, pero aínda rico en símbolos e significados. Aparece así na visión do corvo, «Cinza duradeira, / con vontade / de voar lonxe»; unha manifestación que xoga entre a descrición impresionista e o fondo sentido dunha existencia sen obxecto, baleira da dimensión transcendente que outorga a relación co divino. A ambivalente e enganosa contraposición entre a beleza da esperanza e unha realidade gris e desencantada, tingue toda a obra: «Ías roubando amoras polo monte / e deixando restos de luz / nas espiñas sen esperanza». Da mesma forma, serán varios os momentos nos que poidamos dudar sobre outras posíbeis interpretacións que apelen á dimensión amorosa, frecuentemente identificada tamén co amor a deus na tradición poética das literaturas peninsulares.

Nese sentido, e como complemento temático, é rechamante a aparición, xunto a esta temática existencial, doutra que alude ocasionalmente á poética e á creación, «pero só / a rosa íncuba / e o olmo / negro / son / o cabelo deste poema», como unha forma de revulsivo, como unha perspectiva que non pode aspirar a substituír os consolos dun mundo no alén pleno de sentido, pero que serve, a todas luces, como un sucedáneo, unha equiparación posíbel que permite escapar ocasionalmente do absurdo. Son escasas pausas nunha dirección próxima ao fatalismo que simplemente parece culminar

nos dous poemas finais, unha recuperación chea aínda de temor e a definición orgullosa do que vai ser, para o eu poético, o amor, como resposta á cadencia de dor e confusión que antecede no corpo do poemario: «Se-rei o teu pé / na noite / da alma, / o fedor / desvelado / inédito». Unha especie de aceptación lóxica tras as múltiples referencias a un baleiro sen solución.

Combinando eses versos curtos que evocan a tradición xaponesa sen pregarse a ela nin ás súas principais recepcións no noso contexto cultural, podemos contar tamén con ocasionais poemas en prosa. Un tipo de estrutura poética pouco practicada en xeral na literatura galega que, porén, nesta obra de Luís Valle é froito desa mesma condensación expresiva que caracteriza unha voz única, cun convencemento estético e temático que non pode menos que conmover a quen lea.

Requeixo, Armando & Valle, Luís. (2016). Parlamento das Letras: Luís Valle. *Criticalia*.

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2016/05/23/parlamento-das-letras-luis-valle/>
(consulta 25/07/2022)